



## PROPOSTA DE PARQUE NATURAL MONTE PINDO

O obxecto do presente documento é ser presentado como proposición no Observatorio Galego da Biodiversidade para avalar a declaración do Monte Pindo como futuro Parque Natural.

### DESCRIPCIÓN BÁSICA

O Monte Pindo é un macizo gránítico que se eleva dende a beira do mar até os 627 metros de altitude que está situado maioritariamente no Concello de Carnota e máis no Concello de Mazaricos.

Debido ás súas especiais características xeolóxicas, numerosas especies de fauna e flora protexida desenvólense nun pequeno espazo de 5 km<sup>2</sup> (Unhas 500 ha). Esta pequena superficie xunto coa topografía abrupta do terreo ocasionan que dentro dos seus límites non existan núcleos poboados e tampouco existen pistas forestais de acceso para os terreos. Debido ao pedregoso do terreo apenas se explotan algunhas pequenas parcelas forestais na parte baixa do monte facendo que a parte alta estea por completo inexplorada e constitúe un candidato excepcional para formar parte dun Parque Natural que protexa o patrimonio natural e axude a promover o turismo sostible. As características turísticas do espazo natural son excepcionais.

Actualmente Monte Pindo forma parte da Rede Natura (LIC Es1110008), que comprende tanto o Monte Pindo como as zonas adxacentes á costa tamén de grande interese natural. Sen embargo proponse para formar parte dun futuro Parque Natural Monte Pindo unicamente a área de monte gránítico que unha vez constituído podería ser ampliable a zonas de costa adxacente de grande interese natural. Para a implantación dun novo Parque Natural é máis sinxelo comezar polas áreas de monte xa que destacamos o seu estado natural e a falta de colisión con outras actividades humanas. Esta falta de aproveitamento actual fai moito máis sinxela a implantación dun parque natural e pode traer amplos beneficios económicos para os habitantes locais.

O nome do Monte Pindo según o Padre Sarmiento foi dado pola súa semellanza coas montañas do Pindo en Grecia. Sen embargo o seu alcume máis sonoro o “Olimpo Celta” foi dado por Ramón Otero Pedraio recollendo esa tradición anterior de montaña considerada sagrada polos antigos habitantes castrexos e é moi utilizada actualmente.

### FLORA

Hai que destacar o elevado número de especies de plantas protexidas que viven nun lugar de tan pouca extensión xeográfica. Existen no Monte Pindo un total de 8 especies de plantas protexidas polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas: 7 plantas vasculares e mais 1 briófito; delas 2 especies están en perigo de extinción e 5, mailo briófito, baixo a categoría Vulnerable. *Iris boissieri* (En perigo de Extinción) está presumiblemente extinta no Monte Pindo e é necesaria unha prospección intensiva para confirmalo e probablemente unha reintroducción.

*Eryngium duriae subsp juressianum*. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: En perigo de extinción. Presente en varias serras galegas e do Norte de Portugal. A poboación presente no Monte Pindo é o límite norte de distribución da especie.

*Iris boissieri*, Catálogo Galego de Especies Ameazadas: En perigo de extinción. Principais poboacións en Galiza Serra do Xurés. Poboación do Monte Pindo probablemente extinta. Necesario o estudo da situación da especie e probablemente a súa reintroducción no Monte Pindo.

*Linkagrostis juressi*. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable. Poboacións na Costa da Morte unicamente en Cabo Touriñán e no Monte Pindo. Vive en zonas húmidas.

*Hymenophyllum tunbrigense*. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable.

*Dryopteris guanchica*. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable. Varias poboacións presentes no Monte Pindo.

*Ranunculus bupleuroides*. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable. Poboación presente nas ladeiras do Monte Pindo.

*Quercus lusitanica*. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable. A poboación do Monte Pindo constitúe unha área de distribución disxunta e o límite norte de distribución da especie. Incluída en 2008 no Catálogo Galego de Especies Ameazadas a proposta da Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

*Sphagnum pylaesii*. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable. As súas poboacións do Monte Pindo están moi próximas ao límite meridional absoluto deste brión na Galiza.

## HÁBITATS RECOLLIDOS NO ANEXO I DA DIRECTIVA 92/43/CEE PRESENTES NO MONTE PINDO (HÁBITATS DE INTERESE COMUNITARIO QUE REQUIREN DA DESIGNACIÓN DE ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN)

Tamén é destacable a presenza no Monte Pindo de numerosos hábitats protexidos pola normativa comunitaria na materia (Directiva 92/43/CEE) destacando a súa extensión nesta zona cunha influencia menor das actividades humanas. Un total de 5 hábitats de interese comunitario alomenos comprenden a zona do Monte Pindo proposta como futuro Parque Natural.

**4020 Brezais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.**

**4030 Brezais secos europeos.**

**7140 'Mires' de transición**

**8230 Rochas silíceas con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion**

**9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.**

### FAUNA

A notable riqueza da flora protexida ten tamén o seu reflexo na abundante fauna de interese de conservación entre as que destacamos 3 especies protexidas polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas baixo a categoría Vulnerable, xunto con outras 7 especies protexidas polo Libro Roxo de Vertebrados de España, o que fai un total de 10 especies protexidas nun territorio de reducida extensión superficial.

***Geomalacus maculosus*.** Babosa. Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable.

***Cerambyx cerdo*.** Catálogo Galego de Especies Ameazadas: Vulnerable.

***Chioglossa lusitanica*.** Salamántiga galega. Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Vulnerable.

***Rana iberica*.** Ra patilonga. Catálogo Galego de especies Ameazadas. Vulnerable

***Podarcis hispanica*.** Lagartixa ibérica. Libro roxo dos Anfibios e Réptiles de España

***Rhinechis scalaris*.** Serpe riscada. Libro roxo dos Anfibios e Réptiles de España

***Iberolacerta monticola*.** Lagartixa da serra. Libro roxo dos Anfibios e Réptiles de España

***Milvus migrans*.** Milano negro. Libro roxo das Aves de España.

***Falco tinnunculus*.** Lagarteiro común. Libro roxo das Aves de España.

***Falco peregrinus*.** Falcón peregrino. Libro roxo das Aves de España.

***Felis silvestris*.** Gato Montés. Libro roxo dos Mamíferos Terrestres de España.

***Canis lupus*.** Lobo. Libro roxo dos Mamíferos Terrestres de España.



### XEOLOXÍA

Según a información que provee a Xunta de Galiza na súa web acerca dos espazos que forman a Rede Natura Galega, dende o punto de vista xeolóxico o Monte Pindo é un inselberg constituído por granodioritas biotíticas tardías. Elévase abruptamente sobre a costa e sobre o val do río Xallas chegando a acadar na Moa os 627 metros de altitude a escasos 2 Km do mar. Debido ao abrupto do territorio que ocupa e a súa topografía abundan as formacións xeolóxicas características que a sabiduría popular transforma en rochas vivas ás que pon nome como “O Guerreiro” no Chan de Lourenzo entre outros.

Dende o punto de vista xeolóxico o Monte Pindo está ateigado de formacións como domos rochosos, nubbins, relevos acastelados, tors, microformas tipo gnamma (Pías) e Tafone (Cacholas). Cara o norte do macizo discurre o río Xallas encaixonado a uns 300 metros de altitude. Ao achegarse ao mar desemboca no mesmo formando unha ferverza o que constitúe o único exemplo de río en Europa que desemboca no mar formando unha ferverza, a pesar dos desgraciados aproveitamentos hidroeléctricos que limitan e reducen esta beleza natural.



Hoxe en día o Monte Pindo é un **Punto de Interese Xeolóxico** (PIG-C-115) de importancia estatal o que dá mostra das súas especiais características xeolóxicas que implican tamén especiais características biolóxicas, culturais e turísticas.

## PATRIMONIO

A pesar do despoboado do Monte Pindo é un lugar abundante en patrimonio cultural. Historias e lendas son frecuentes dende o principio dos tempos. Dende a utilización de plantas medicinais para ritos de fertilidade, a utilización do monte como refuxio para os maquis da guerra civil o Monte Pindo sempre foi considerado un lugar especial e por iso existen numerosos restos de patrimonio cultural.

**Castelo de San Xurxo (Castelo do Pedrullo).** O Castelo de Sant Jiurgium consistía nunha torre defensiva levantada no século X por orde do Bispo de Iria Flavia, Sisenando II, para protexer estas terras do ataque dos piratas medievais. Foi derrubada polos Irmandiños en 1467 e actualmente só quedan abundantes restos das pedras que constituiron as paredes da torre. Nunca foi escavado sistematicamente. No século XII pertenceu a Rodrigo Pérez de Traba e convertiuse en refuxio de ladróns, por tal motivo o Arcebispo Xelmírez excomulgouno. Os buscadores de tesouros pensaron que pertencera á Raíña Lupa e son os responsables do seu estado actual de saqueo reducido a unha acumulación de pedras.

**A Moa.** Na cima da Moa aparte dun impresionante conxunto de pías naturais podemos observar restos de petroglifos e restos dunha hermda. Ademais según Barreiro Barral atopouse ali un medallón de bronce.

**Mina de wolframio do Chan de Lourenzo.** Restos dunha mina de wolfram abandonada, que foi utilizada na Segunda Guerra Mundial. O wolfram servía para a fabricación de armamento. O wolfram era vendido principalmente a Alemaña e constituíu unha fonte de riqueza rápida naqueles anos.

**Rego dos Muiños.** Conxunto etnográfico de muiños restaurados dos que algún pode utilizarse (e de feito se utiliza) para realizar demostracións do seu funcionamento tradicional. Grande interese turístico. Necesario arranxar rutas de acceso sendeirista.

**Monte Penafiel.** Segundo Uxío Carré Aldao escritor de principios do século XX, existía unha fortaleza medieval na cima do Monte Penafiel. Sen embargo José Barreiro Barral en 1932 afirmou que non existía esta fortaleza pero si restos dun poboado. O Monte Penafiel era ademais onde se situaba unha das 3 Aras Sextianas.

**Aldea turística de San Cibrán.** Aldea abandonada que se transformou nun conxunto de casas de turismo rural. Pode ser utilizado como zona de servizos dentro do futuro parque natural. Debido a estas características a implantación do futuro parque natural beneficiará enormemente aos propietarios das casas rurais.

## ACTUACIÓNS NECESARIAS

A valorización turística e ambiental ordenada e sostible será o principal obxectivo da creación do Parque Natural Monte Pindo que será un referente de primeira orde para a comarca da Costa da Morte. Este Parque Natural ademais podería trascender as fronteiras galegas. Podería ampliarse no futuro ás zonas de costa adxacentes de grande valor natural pero cunha maior dificultade de implantación por estar máis poboadas e aproveitadas.

Sen embargo o exemplo dun correcto funcionamento do Parque Natural do Monte Pindo podería constituir un modelo de desenvolvemento para outros lugares da Costa da Morte e mesmo do resto de Galiza, tal e como o constitúe hoxe o funcionamento do Parque Natural do Gerés-Xurés.

Para potenciar os valores naturais e turísticos do Parque Natural cómpre poñer en funcionamento un limitado número de proxectos con sinxeleza e unha relativamente baixa dotación presupostaria. Estre estes proxectos propónse:

**-Construcción dun centro de interpretación do Parque Natural.** Centro neuráxico do Parque Natural onde se expliquen de forma amena as principais características do entorno declarada Parque Natural. Debido ás características do Monte Pindo o centro de interpretación do Parque Natural debe estar situado na zona costeira inmediata ao parque mesmo aínda que se sitúe fóra dos límites, co obxectivo de preservar a integridade do Monte Pindo e de beneficiar directamente a algunha das poboacións que rodean o macizo granítico. Existe unha antiga factoría baleeira abandonada no Porto de Quilmas moi axeitada para este fin.

**-Sinalización de rotas de sendeirismo.** A Creación e mantemento de rutas de sendeirismo debe ser unha cuestión básica no desenvolvemento do Parque Natural o correcto trazado e mantemento é unha cuestión importante que non debe deixada en mans de afeccionados. Temos que recordar o caso recente de construción dunha área recreativa por parte dun Concello da zona, preto da cima da Moa, nunha zona húmida onde se desenvolven varias especies protexidas que non soportan o pisoteo. Neste aspecto se debe ser extremadamente coidadoso.

**-Limpeza e coidado de pintadas na Moa.** Co paso dos anos acumuláronse no entorno da Moa pintadas nas rochas de carácter persoal que deben ser borradas e eliminadas para a correcta conservación do entorno. Hai que considerar que namentras existan pintadas é moito máis fácil que estas proliferen, se as rochas se atopan limpas é moito máis difícil que se produzan. Ademais compriría sinalizar ás áreas máis afectadas con avisos de sancións administrativas.

**-Retirada de madeira queimada. Prevención de lumes forestais.** No ano 2006 un devastador incendio afectou ao Monte Pindo. Dende aquela toneladas de madeira queimada acúmulanse en todo o monte. Ademais pode ser necesario establecer medidas de prevención blanda de incendios forestais (tomas de auga, desbroces selectivos, atención aos gandeiros do monte, permitir o aproveitamento de madeira). A planificación de cara aos frecuentes incendios forestais debe ser un dos principais cometidos do parque natural xa que é nestes momentos a principal ameaza ambiental do Monte Pindo.

**-Protección do patrimonio.** Iniciar medidas de protección e valorización do patrimonio cultural do Monte Pindo é outra das actividades que preferentemente tería que ser desenvolta polo futuro Parque Natural. A inexistencia até o de agora de medidas neste sentido pode marcar claramente un dos evidentes beneficios de declarar o Monte Pindo como Parque Natural. Ademais pode empregarse nas labores de restauración a man de obra da mesma zona para aumentar os beneficios sociais.

## CONCLUSIÓNS

A Configuración do Monte Pindo como un macizo granítico cunhas peculiares características xeolóxicas e biolóxicas xunto coa característica de manterse practicamente despoboado en medio dunha franxa costeira moi poboada fan que o Monte Pindo reúna unhas condicións inmejorables para ser declarado zona protexida.

A filosofía da creación áreas protexidas fai que sexa desexable constituilas en pequenas porcións do territorio que concentren en pouco espazo uns destacables valores naturais. Este é o caso do Monte Pindo onde atopamos 7 especies de planta protexidas, 10 especies de animais tamén protexidas ademais doutros valores naturais interesantes como hábitats protexidos ou as singulares características xeolóxicas do entorno.

A figura de Parque Natural para o Monte Pindo é a máis axeitada neste entorno porque permite manter os escasos aproveitamentos existentes na actualidade (cabalos e madeira) sen que isto repercuta negativamente na poboación que ademais se situaría fóra dos límites do parque.

Sen embargo as inversións en dotación que conleva un Parque Natural fará que o aproveitamento turístico do Monte Pindo se multiplique e isto redundará na evidencia dun enorme aumento do beneficio económico para a poboación local provocado pola constitución dun parque natural.

A declaración dun Parque Natural no Monte Pindo servirá para aumentar a escasa superficie protexida galega e implicará unha máior xeración de beneficio económico que limitacións productivas, polo tanto é de lei constituir o futuro Parque Natural Monte Pindo-Olimpo Celta para beneficiar á sociedade galega.

## BIBLIOGRAFÍA

Santiago Órtiz Núñez: Coordinador. Rede Ambiental da Costa da Morte, Microrreservas.

Zepvn-Lic/ Carnota - Monte Pindo. Xunta de Galiza.

[http://medioambiente.xunta.es/espazosNaturais/detalleespazo.jsp?COD\\_ESPAZO=16&ID\\_CATEGORIA=6](http://medioambiente.xunta.es/espazosNaturais/detalleespazo.jsp?COD_ESPAZO=16&ID_CATEGORIA=6)

Asdo.

Martíño-Fiz López Lindoso

Membro de ADEGA e representante ecoloxista no Observatorio Galego da Biodiversidade.

## ASINAN E APOIAN:

Representantes no Observatorio Galego da Biodiversidade.

-Serafin González Prieto. Representante ecoloxista da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) no Observatorio Galego da Biodiversidade.

-Pedro Galán Regalado. Departamento de Bioloxía Animal, Vexetal e Ecoloxía. Universidade da Coruña (UAC). Representante da UAC no Observatorio Galego da Biodiversidade.

Representante ecoloxista.

-Virxinia Rodríguez Álvarez. Presidenta de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza).

Profesores e investigadores das Universidades Galegas

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

-Javier Amigo Vázquez. Departamento de Botánica. Universidade de Santiago de Compostela (USC).

-Santiago Ortiz Núñez. Departamento de Botánica. Universidade de Santiago de Compostela (USC).

-Juan Rodríguez Oubiña. Departamento de Botánica. Universidade de Santiago de Compostela (USC).

-Rodrigo Carbajal Villaverde. Investigador do Departamento de Botánica. Universidade de Santiago de Compostela (USC).

-Miguel Serrano Pérez . Investigador do Departamento de Botánica. Universidade de Santiago de Compostela (USC).

#### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

-Elvira Sahuquillo Beltrán. Departamento de Bioloxía Animal, Vexetal e Ecoloxía. Universidade da Coruña (UAC)

-Marcelino Fuentes López. Departamento de Bioloxía Animal, Vexetal e Ecoloxía. Universidade da Coruña (UAC)

-Manuel Soto Castiñeira. Departamento de Física-Química. Universidade da Coruña (UAC).  
Director da Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña.

-Javier Cremades Ugarte. Departamento de Bioloxía Animal, Vexetal e Ecoloxía. Universidade da Coruña (UAC)

-Xosé Lois Rodríguez Suárez. Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo.  
Vicerreitor de Infraestructuras e Xestión Ambiental. Universidade da Coruña (UAC).

-Enrique Martínez Ansemil. Departamento de Bioloxía Animal, Vexetal e Ecoloxía.  
Universidade da Coruña (UAC).

-Ángeles Cid Blanco. Departamento de Bioloxía Molecular e Celular. Universidade da Coruña (UAC).

-Ana María González Tizón. Departamento de Bioloxía Molecular e Celular. Universidade da Coruña (UAC).

-Ana Insua Pombo. Departamento de Bioloxía Molecular e Celular. Universidade da Coruña (UAC).

-Andrés Martínez Lage. Departamento de Bioloxía Molecular e Celular. Universidade da Coruña (UAC).

-Julián Yáñez Sánchez. Departamento de Bioloxía Molecular e Celular. Universidade da Coruña (UAC).

-María José González Fuentes. Departamento de Bioloxía Molecular e Celular. Universidade da Coruña (UAC).